

Lei 5/1991, do 4 de abril, sobre concesión dunha paga ó persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma, modificación do incremento retributivo previsto na Lei 1/1991, do 15 de xaneiro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 1991, e sobre concesión dun crédito extraordinario por importe de mil novecentos oitenta millóns de pesetas (1.980.000.000 de ptas.) ó vixente presuposto de gastos, para facer efectivas as ditas medidas

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 121, do 8.3.1991.

Acordo de tramitación polo procedemento de lectura única, DSPG núm. 61, do 12.3.1991.

Debate e aprobación polo Pleno en lectura única, DSPG núm. 63, do 20.3.1991.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 128, do 27.3.1991.

Diario Oficial de Galicia núm. 69, do 11.4.1991.

Boletín Oficial del Estado núm. 102, do 29.4.1991.

Lei 5/1991, do 4 de abril, sobre concesión dunha paga ó persoal ó servicio da Administración da Comunidade Autónoma, modificación do incremento retributivo previsto na Lei 1/1991, do 15 de xaneiro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 1991, e sobre concesión dun crédito extraordinario por importe de mil novecentos oitenta millóns de pesetas (1.980.000.000 de ptas.) ó vixente presuposto de gastos, para facer efectivas as ditas medidas

O Real decreto-lei 2/1991, do 25 de xaneiro, sobre aplicación da cláusula de revisión salarial ó persoal ó servicio da Administración pública, en consideración á desviación entre o índice de precios ó consumo previsto e o rexistrado en 1990, cifrada en 96 centésimas de acordo coa taxa interanual, e en virtude dos pactos subscritos entre sindicatos e Administración sobre compensación polas desviacións entre o IPC previsto e o rexistrado e sobre negociación colectiva, dos funcionarios públicos e do persoal laboral dependente da Administración do Estado, establece no seu artigo 1.º o aboamento ó mencionado persoal dunha paga compensatoria correspondente a 1990, equivalente ó 0,91 das ditas retribucións, e no seu artigo 2.º a modificación dos incrementos retributivos establecidos na Lei 31/1990, do 27 de decembro, de presupostos xerais do Estado, que pasan do 6,26% ó 7,22%.

Considerando a conveniencia de estende-la aplicación de tales medidas ó persoal ó servicio da Administración da Comunidade Autónoma, dada a urxencia das mesmas, e en consideración a que os presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1991 foron aprobados con anterioridade ó citado Real decreto-lei 2/1991, a Consellería de Economía e Facenda, ó abeiro do artigo 47 da Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia, ante a inexistencia de crédito adecuado e suficiente, promoveu un expediente de concesión do necesario crédito extraordinario.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei sobre concesión dunha paga ó persoal ó servicio da Administración da Comunidade Autó-

noma, modificación do incremento retributivo previsto na Lei 1/1991, do 15 de xaneiro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 1991, e sobre concesión dun crédito extraordinario por importe de mil novecentos oitenta millóns de pesetas (1.980.000.000 de ptas.) ó vixente presuposto de gastos, para facer efectivas as ditas medidas.

Artigo 1

Un.— Ó persoal ó que se refire o título II da Lei 2/1990, do 21 de xuño, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1990, que estivese en servizo activo durante 1990, aboaráselle unha paga equivalente ó 0,91% das súas retribucións polos conceptos seguintes:

a) Persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma non sometido a lexislación laboral:

Total de retribucións devengadas correspondentes a 1990, con excepción de:

Paga de carácter excepcional establecida pola Lei 1/1990.

Complemento familiar.

Complementos persoais e transitorios.

Indemnización por razón do servizo.

Cantidades percibidas en concepto de acción social.

b) Persoal laboral:

Tódalas retribucións devengadas correspondentes a 1990, por tódolos conceptos que teñan a consideración legal de salario con excepción de:

Paga de carácter excepcional establecida pola Lei 1/1990.

Percepcións económicas en especie.

Cantidades percibidas en concepto de acción social.

Complemento familiar.

Dous.— A percepción da paga a que se refire este artigo será incompatible con calquera outra medida compensadora da desviación do índice de precios ó consumo de 1990, respecto da súa previsión inicial.

Tres.— Os complementos persoais e transitorios que puidese ter recoñecidos o persoal a que se refire este artigo non serán absorbidos pola paga establecida no mesmo.

Artigo 2

Un.— Con efectos do 1 de xaneiro de 1991, o incremento das retribucións, respecto de 1990, do persoal en activo ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma a que se refire o título II e a disposición transitoria primeira da Lei 1/1991, do 15 de xaneiro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1991, elevarase do 6,26% ó 7,22%.

Dous.— De acordo co anterior, as contías dos conceptos retributi-

vos que se detallan no citado título II experimentarán un incremento do 0,90344 por cento.

Tres.— Para os efectos da absorción dos complementos persoais e transitorios do persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma non sometido a lexislación laboral, o incremento de retribucións de carácter xeral establecido no presente artigo só se computará no 50% do seu importe previsto na citada Lei 1/1991.

Artigo 3

Un.— Para lle dar efectividade ó disposto nos artigos anteriores, concédese un crédito extraordinario por importe de mil novecentos oitenta millóns de pesetas (1.980.000.000) na sección 05, «Consellería de Economía e Facenda», servizo 05, «Dirección Xeral de Presupostos e do Tesouro», programa 531B, «Imprevistos e funcións non clasificadas», concepto 120.20, para atender as retribucións previstas nesta lei, que terán natureza de ampliables ata o importe das retribucións que efectivamente se recoñezan no presente exercicio económico ó amparo do establecido nesta lei.

Dous.— Aqueles órganos da Xunta que dispoñan de crédito suficiente no seu presuposto de gastos, unha vez deducidas as obrigas de persoal do presente exercicio, financiarán o custo das medidas a que se refiren os artigos 1 e 2 con cargo ó seu propio presuposto; así mesmo, os organis-

mos autónomos que dispoñan de financiamento suficiente atenderán con cargo ó mesmo o custo das citadas medidas, logo da habilitación do crédito necesario.

Tres.— O dito crédito extraordinario financiarase a través do incremento que se produza no cálculo do gasto equivalente de 1991 na liquidación definitiva da participación da Comunidade Autónoma.

Disposición adicional

Ó persoal transferido á Comunidade polo Real decreto 1679/1990, do 28 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións e servizos do Instituto Nacional da Saúde, seralle aplicable o previsto nos artigos 1 e 2 desta lei; para este efecto os créditos correspondentes do estado de gastos consideraranse ampliables na contía suficiente para lle dar cumprimento ó previsto nos citados artigos. O seu financiamento levarase a cabo co maior ingreso previsto no punto E (Régime financeiro e presupostario), f) do anexo do citado Real decreto 1679/1990.

Disposición derradeira

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 1991

Manuel Fraga Iribarne
Presidente